



O REGO DA CULTURA

A radiodifusión galega no exterior

As emisións radiofónicas da emigración galega iníciáanse en Arxentina, máis concretamente en Bos Aires, a comezos dos anos 30. Tamén no país porteño é onde xurdiron a meirande parte das audicións históricas con títulos coma: *Recordando a Galicia* de Maruxa Boga, *La Voz de Galicia* de Tacholas ou *Galicia en el aire* de Andrés Rodríguez Barbeito. O exilio de moitos intelectuais galegos do bando republicano por mor do estalido da Guerra Civil serviría para impulsar aínda máis a actividade dos galegos no exterior en todos os campos, pero especialmente no ámbito cultural e iso tamén se deixou notar na radiodifusión. Deste modo, os programas xa asentados reciben un novo impulso adoptando un carácter máis comprometido co galeguismo e a causa republicana e, ó mesmo tempo, incorpóranse audicións novas promovidas polos exiliados directa ou indirectamente, como *Galicia emigrante*, do polifacético Luís Seoane, en Bos Aires e *Sempre en Galicia*, de Manuel Meilán, en Montevideo. O cambio de orientación da emigración galega cara a Europa, unido máis adiante ó freo das saídas co restablecemento da democracia, un certo melloramento económico, e tamén á asunción da identidade do país de destino por parte dos fillos dos emigrantes galegos, foron mermando as estruturas das comunidades galegas americanas e ese deterioro deixouse notar en todos os campos sen constituír o da radiodifusión unha excepción. Nos nosos días en América aínda sobreviven algúns dos programas míticos pero con graves problemas económicos (é o caso de *Sempre en Galicia*). Paradoxalmente proliferan as audicións meramente *folclóricas* que evocan Galicia con morriña pero que fóra da súa visión nostálgica non aportan nada significativo nin profundizan, salvo excepcións, nos problemas da emigración.

Cómpre distinguir entre as emisións promovidas por particulares, na meirande parte dos casos exiliados galegos cun posicionamento militante a carón da república e comprometidos na reivindicación da identidade galega, e aquelas creadas polas sociedades galegas de emigrantes, de carácter máis "oficial", tales coma a do Centro Galego de Bos Aires ou a do Centro Lucense, tamén na capital porteña, de tintes máis ou menos combativos se-

gundo quen ocupase a presidencia da sociedade en cuestión, pero cun predominio máis xeneralizado do compoñente cultural e folclórico. Pero, non nos enganemos, o ton das audicións, salvando determinadas excepcións, era bastante moderado, sobre todo tendo en conta que pretendían acadar un público amplo. Foron as promovidas por particulares as que, segundo parece, tiveron mellor acollida e as que poderían cualificarse coma audicións históricas pola súa transcendencia, pero o certo é que non se abondou demasiado na análise das audicións "oficiais" que, en moitos casos, tiñan practicamente o mesmo equipo encargándose delas e contidos similares. Tal foi o caso da audición do Centro Lucense, que tiña detrás a algúns dos colaboradores de *Galicia emigrante*.

O máis antigo locutor de radio galego é Xosé Núñez Búa. Cando comezou a traballar en Galicia aínda non había radio. O seu primeiro traballo foi como presentador de radio en Radio Prieto (Bos Aires). En 1930 contaba xa cun programa ó seu cargo en *Radio el Pueblo* (hoxe *Radio América*) titulado *A hora iberoamericana*. Este programa radiofónico emitíase os xoves e os domingos e por el pasaron todos os actores galegos da capital. A súa dedicación ó mundo da radio levoulle a facer tamén unha audición británica na compañía dun amigo neocelandés en Radio Excelsior desde Bos Aires.

Segundo Xosé Luís Blanco Campaña a primeira transmisión radiofónica galega no exterior foi a que tivo lugar o dezaioito de decembro de 1932 entre Santiago de Compostela e Bos Aires para dar conta en directo á colectividade galega da capital porteña sobre a celebración en Santiago da Asemblea do Concello que ía a tratar o primeiro Estatuto de Autonomía para o país. A emisora responsable da emisión foi Radio Splendid e a Compañía Telefónica española fíxose cargo dos custos que tocaban pola parte peninsular. Segundo parece, a gran significación da presenza e a vida galega en Bos Aires naqueles momentos xogou a favor da súa elección coma o lugar idóneo co que establecer a emisión.

La hora iberoamericana emitida por Radio Pueblo (Bos Aires) desde 1932 e conducida por Manuel Núñez Búa é considerada por Couceiro "la primera audición radiofónica de temas españoles en Sudamérica" (Couceiro Freijomil, Antonio. *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela, 1952). Nela aparecían, segundo Alberto Vilanova, "muchas de las manifestaciones folklóricas galaicas". En Bos Aires, berce deste fulgor galego das ondas, o primeiro programa xa completamente galego do que temos noticia é *La hora gallega*, que funciona nos anos trinta. A partir de 1945 comeza a emitirse *Recordando a Galicia*, dirixido pola actriz Maruxa Boga e que contaba coa colaboración do tamén actor Fernando Iglesias "Tacholas" (o actor xa iniciara as súas actividades coma locutor na audición de Manuel Meilán en 1932). "Tacholas" en 1953 iniciou o seu periplo en solitario co programa *La Voz de Galicia*, auspiciado na súa inauguración nada menos que por Eduardo Blanco Amor. Ós títulos anteriormente citados se engaden *Galicia en el aire* (1958), de Andrés Rodríguez Barbeito e, sobre todo, *Galicia emigrante* (1959), do polifacético Luís Seoane, que perdurará ata 1971.

As audicións arxentinas dos Centros Galegos son, coma se dixesemos, moito menos coñecidas. Sabemos da existencia dunha audición do Centro Galego de Bos Aires que se emitía por *Radio El Mundo*. Tamén hai novas sobre as audicións do Centro Coruñaés e as xa referidas do Centro Lucense, que segundo Ricardo Palmás eran conducidas por Luís Seoane aínda que na revista *Lugo* se cita coma conductor principal desta emisión a Víctor Luís Molinari. Tamén na mesma revista se publicaron extractos das audicións radiais. Pero ata o de agora os investigadores amosaron escaso interese no tema. O habitual é que estas audicións nin se mencionen. O exhaustivo censo de Xosé Luís Blanco Campaña nin sequera as menciona. Non están moi claras as causas desta falta de interese. Pode ser que este tipo de audicións non alcanzasen unhas cotas de calidade o suficientemente elevadas coma para atraer a atención dos investigadores, pero na miña opinión a causa do esquecemento estriba en que os estudos que trataron do tema estaban interesados naqueles programas de carácter claramente galeguista e as audicións dos centros galegos polo seu carácter *oficial*, terían un compromiso meramente superficial coa causa galega. Pero o certo é que as audicións dos Centros Galegos forman parte tamén do mundo da radiodifusión galega no exterior e que a súa análise poderían extraerse interesantes observacións polo que é imprescindible tratar de coñecelas.

As experiencias arxentinas repítense noutros países, tanto americanos coma europeos, nos que a emigración galega tivo relevancia. En América destacan especialmente: *A hora de Galicia* (México), e o máis coñecido *Sempre en Galicia*, de Manuel Meilán —que é actualmente a emisión galega máis antiga e segue funcionando “con graves problemas económicos”, segundo nos informa Alfonso Vázquez-Monxardín—, emitido por Radio Carve de Montevideo, ambos a comenzos dos cincuenta. En Europa, en liñas xerais existe menor número de audicións, de aparición máis tardía e cun carácter distinto. As únicas excepcións constitúenas o caso dos espazos galegos na BBC de Londres, iniciados en abril de 1947, que pola súa cronoloxía e a súa fasquía poderían equipararse máis coas audicións anteriormente referidas que co conxunto das europeas. Outro caso peculiar constitúeno as audicións galegas de Radio Pirenaica cun carácter político moi marcado polo contexto da posguerra. Mais no que atinxe ó vello continente a meirande parte dos programas aparecen nos anos oitenta ou incluso máis recentemente. Neste conxunto destacan as emisións en galego desde Radio París que facía Ramón Chao ou *Galiza sempre*, en 1985 desde Xenebra (Suíza), programa vencellado coa asociación cultural Galicia hoxe.

Existen outros territorios con presenza galega relevante ata o punto de que neles, principalmente nas súas capitais, se constituíron unha ou máis sociedades de emigrantes galegos coma é o caso de Ottawa (Canadá), Nova York (Estados Unidos), Sidney (Australia) ou en Nova Deli (India) dos que non se coñecen datos coma para afirmar ou negar a existencia de audicións radiais ou, alomenos, de prensa de emigración, pero que poderían dar sorpresas unha vez que foran investigados en profundidade.

Tamén nas comunidades autónomas españolas que recibiron máis emigración galega se desenvolveron actividades radiofónicas, sobre todo nos

anos setenta e oitenta, destacando especialmente o caso catalán con *Lonxe da terra* de Manuel Valdés, *A nosa Galicia* de Manuel Fernando González, *Radio celta*, emisora do Centro Galego de Barcelona, a experiencia de Radio Amistad impulsada por Olegario Sotelo Blanco ou ERGAC, un intento de asociar os espazos radiofónicos galegos en Cataluña. Esta inxente actividade mantívose e perdurou ata os nosos días como semella indicar a cifra de vinte e sete programas de radio actuais sinalada por Blanco Campaña na súa obra sobre comunicación galega no exterior (*Radio e prensa na Galicia exterior*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995) e que, probablemente, se encheu algo máis desde a publicación desa obra.

Hoxe perviven bastantes programas galégos no exterior, tanto en Europa coma en América, sen esquecer Cataluña, Madrid e o País Vasco, pero aínda é Arxentina o país que conta co maior número. Dos históricos o único activo é *Sempre en Galicia* impulsado por Tony de Seárez e xa sen Manuel Meilán que morrera hai algúns anos. Pero aínda que se manteñan as audicións a situación, ó igual que ocorreu no caso da prensa de emigración, cambiou bastante. En primeiro lugar os galegos xa hai tempo que non emigran masivamente cara a América e moitos regresaron, por iso as comunidades no exterior diminuíron a súa porcentaxe. Outro factor a ter en conta é que os fillos dos emigrantes galegos en moitos casos preferiron integrarse no país de destino renunciando a calquera vencellamento coa terra dos seus pais. Isto é algo que puideron percibir en diversas conversas con emigrantes que sinalaban a valoración negativa que se fai do galego (aínda hoxe) nalgúns dos países onde houbo maior fluxo (especialmente nos rioplatenses), sendo unha figura rodeada de tópicos pexorativos dos que os fillos buscan fuxir integrándose na nova sociedade e, consecuentemente, desfacéndose das súas orixes. É ben certo que houbo un tempo nos anos da posguerra en que o considerable continxente de intelectuais galegos emigrados e as simpatías de determinados sectores dos países de destino fronte á causa republicana fixo superar a imaxe negativa do emigrante galego, pero eses tempos quedaron atrás e os tópicos aínda seguen latexantes.

JESÚS JOSÉ BLANCO ROSAS